

BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN NO VI CAMPUS MULTIDEPORTE DE BARBADÁS

As presentes bases regularan o proceso de inscrición no VI Campus Multideporte do Concello de Barbadás, que consistirá nun campamento cuxos contidos son principalmente de carácter educativo e deportivo que se van a realizar no pavillón municipal de Barbadás, e nas piscinas municipais.

Preténdese utilizar a actividade física como medio para transmitir e fomentar valores educativos que axuden a fomentar as relacións persoais e a formación integral da persoa a través da adquisición de hábitos saudables da vida.

1. TEMPORALIZACIÓN, PRAZAS E REQUISITOS DE ACCESO.

1.1 O campamento celebrarase do **26 ao 29 xuño de 2018**.

1.2 As prazas son limitadas cun máximo de 50.

1.3 Requisitos: nenos/as e mozos/as con idades comprendidas entre os 8 e 14 anos, empadroados no concello.

1.4 O campamento terá lugar entre as 9.30 e as 20.00 horas de martes a venres, podendo escoller entre as seguintes quendas:

- ✓ De mañá (de 9.30 a 13.30 h)
- ✓ De tarde (de 16.00 a 20.00 h)
- ✓ Todo o día (de 9.30 a 13.30 e de 16.00 a 20.00 h)

1.5 A clausura do campamento terá lugar o venres, 29 de xuño de 2018 ás 13,00 h.

1.6 Do xoves ó venres, durante o campamento celebrarase unha velada nocturna que será opcional, durmindo durante unha noite no pavillón municipal e realizando actividades nocturnas, con cea e almorzo na mañá do venres antes de proceder á clausura do VI Campus multideporte.

1.7 É obrigatoria a asistencia; un 25% de faltas sen xustificar dará lugar á baixa automática na actividade. As faltas computaranse por horas.

1.8 Só se permitirán como xustificantes válidos de falta de asistencia:

- ✓ O xustificante médico por enfermidade ou ingreso do alumno ou de familiar co que conviva.

2. PERSOAS CON DISCAPACIDADE

2.1 As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta actividade cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa situación no apartado correspondente no impreso de solicitude, coa finalidade de planificar os apoios necesarios.
- Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda dunha terceira persoa.
- Ter capacidade de integración no grupo e que as súas limitacións e/ou necesidade especiais lles permita participar e beneficiarse na actividade que se vai a desenvolver.

2.2 Porén, a organización reservará un 5% das prazas para os solicitantes que non cumpran algún dos requisitos do punto 2.1, que deberán facer constar da mesma maneira a súa condición, co fin de planificar os apoios necesarios para a súa integración na actividade.

2.3 En función do tipo de discapacidade, podería exceptuarse algún tipo de actividade dentro da programación. De-se lo caso, o participante non podería participar nesa actividade específica.

3. PRAZOS E ADXUDICACIÓN

3.1 **O prazo de inscrición será do 13 ao 19 de xuño** (ámbolos dous incluídos).

3.2 A adxudicación das prazas realizarase de forma directa e por rigorosa orde de inscrición.

3.3 O día 20 de xuño publicarase a listaxe de admitidos no taboleiro da Casa da Xuventude e na páxina web do concello, tendo de prazo para realizar o pagamento e presentar o xustificante de pago na casa da Xuventude, do 20 ao 22 de xuño de 2018.

3.4 A presentación do xustificante de pago dentro deste prazo suporá a confirmación da praza no campus multideporte.

3.5 A non presentación do xustificante de pago suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

4. INSCRICIÓN

4.1 As inscricións poderán realizarse de forma presencial na Casa Municipal da Xuventude, nas Oficinas Municipais, no Rexistro Xeral do Concello, ou no correo electrónico: xuventude@barbadas.es, presentado a seguinte documentación:

- A folla de inscrición individual debidamente cumprimentada que se facilitará na Casa Municipal de Xuventude ou que se poderá descargar directamente na páxina web do

concello, cuxa sinatura produce os efectos de autorización para a asistencia do menor á actividade.

- Certificado de recoñecemento de discapacidade
- Libro de familia (só no caso de que non dispoña DNI para proceder á comprobación de datos.
- Xustificante de pagamento nas datas sinaladas no punto 3 e 5 (do 20 ao 22 de xuño).

4.2 O horario da oficina para realizar a inscrición de forma presencial será de luns a venres de 8,30 a 14.30 horas.

4.3 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

5. PREZOS E PAGAMENTO

5.1 O Custo da praza para o Campus multideporte é:

- De mañá: 30 euros
- De tarde: 40 euros (inclúe merendas)
- En ambos horarios: 60 euros (inclúe merendas)

*A velada nocturna é opcional. A cea do xoves e o almorzo do venres inclúese en todos os solicitantes que escollan esta opción.

5.2 A data para efectuar o pagamento será do 20 ao 22 de xuño (ámbolos dous incluídos), unha vez publicada a listaxe de admitidos, e presentarán o xustificante na Casa da Xuventude, dando por confirmada a súa praza.

5.3 O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria ó número de conta/IBAN: ES78 2080 0470 2931 10000065, indicando “Campus multideporte 2018”, e nome e apelidos do menor.

5.4 Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo se acredite a imposibilidade do neno/a de asistir á actividade mediante certificado médico que deberá presentarse cun mínimo de antelación de 48 horas antes do inicio da actividade.

6. ACTIVIDADES E METODOLOXÍA

As actividades que se van desenvolver no CAMPUS MULTIDEPORTE do concello de Barbadás divídese en:

1. ACTIVIDADES ACUÁTICAS
2. XOGOS DEPORTIVOS E COLECTIVOS
3. XOGOS ALTERNATIVOS

1. ACTIVIDADES ACUÁTICAS

Dentro deste bloque de contidos imos diferenciar entre:

- ✓ A natación como deporte. Nun principio do campus realizarase unha pequena proba de nivel para determinar o grupo máis axeitado no que entrara cada participante.
- ✓ A natación recreativa. Trátase dunha técnica que de acordo coas correntes educativas consegue que a adaptación ó medio acuático resulte unha actividade fundamentalmente divertida para os rapaces.

Realizaranse todo tipo de xogos no medio acuático para que o grupo encontre un bo ritmo por que se encontra motivado.

2. XOGOS DEPORTIVOS E COLECTIVOS

Preténdese que os rapaces se interesen por diferentes deportes así como fomentar valores como o compañeirismo, traballo en grupo, respecto mutuo, regulamento, hábitos hixiánicos e condutas saudables. Realizaranse diferentes tipos de xogos deportivos. Entre eles:

- ✓ Iniciación á Ximnasia acrobática
- ✓ Acrosport
- ✓ Fútbol sala
- ✓ Balonmán
- ✓ Tenis
- ✓ Béisbol
- ✓ Volleibol
- ✓ Mazabola

3. XOGOS ALTERNATIVOS. Trátase do “Deporte para todos” en espazos non convencionais, sen unha condición física técnica, sen requisitos burocráticos; mediante coreografías desenvolverase as

capacidades do movementos físicos e motrices, a motivación, e a creatividade adaptándoos ó nivel e idade do grupo.

6. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Área de Xuventude

Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal

Casa Municipal da Xuventude

Parque da Solaina s/n- A valenzá

Tel.: 988391526 Fax: 988234725

e-mail: xuventude@barbadas.es <http://www.barbadas.es>